



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 726/2019

DE DATA: 25/09/2019

PROCEDEMENTO Contratación administrativa

OBRA – ACTUACIÓN: Contrato de obras por procedemento aberto simplificado.
Aforro e eficiencia enerxética no alumeado público

ANTECEDENTES

1.- Por Decreto de Alcaldía de 18 de outubro de 2019 resólvese aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado da obra destinada ao Aforro e eficiencia enerxética no alumeado público en determinadas zonas do termo municipal, convocando a súa licitación. Asemade apróbanse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que xunto co Proxecto aprobado haberían de rexer o contrato. En outro orde resólvese publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación.

2.- O 31 de outubro de 2019 D. Manuel Fernando Rascado, actuando en nome e representación da sociedade SETGA SLU, presenta recurso potestativo de reposición fronte a aprobación do PCAP do proceso, á vez que solicita a suspensión do procedemento en curso ao abeiro do previsto no artigo 117.1º da Lei 39/2015.

3.- Consta no expediente informe emitido polo enxeñeiro industrial D. David Pujales Lorenzo a raíz das alegacións de contido técnico efectuadas no devandito recurso.

4.- Con data 10 de decembro de 2019 se emite informe polo letrado asesor xurídico municipal. E con data 12 de decembro de 2019 se emite informe pola Secretaria-Interventora do Concello

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

En relación cos antecedentes expostos cómpre informar o seguinte:

I).- De conformidade co exposto nos artigos 84, 115, e 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, cómpre considera-lo escrito presentado pola entidade SETGA SLU como recurso potestativo de reposición dirixido fronte ao Decreto de Alcaldía de 17 de outubro de 2019 que resolveu aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado da obra de aforro e eficiencia enerxética no alumeado público en determinadas zonas do Concello, convocando a súa licitación, así como aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que xunto co Proxecto aprobado haberán de rexer o contrato. En concreto, o obxecto de recurso dirixítese a discutila legalidade das cláusulas 9.3, 9.5 y 9.6 do PCAP relativas a diversos criterios de adxudicación, demandando a súa nulidade e, en consecuencia, a retroacción do expediente para a adopción no seu caso das modificacións que cumpran a normativa.





II).- Segundo o previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, resulta competente para resolver o recurso interposto a Alcaldía, por ser este o órgano que ditou a resolución cuxo contido se impugna.

III).- O recurso ten sido presentado dentro do prazo preceptivo de un mes dende a notificación do acto expreso conforme ao esixido polo artigo 124 da norma procedimental, polo que procede a súa admisión a trámite e exame de fondo.

IV).- Canto ao análise de fondo de cada un dos motivos expresados no recurso deducido procede deterse, en primeiro lugar, no marco legislativo de aplicación ao proceso, determinado basicamente pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público polo que traspóñense ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), e en concreto, nas seguintes normas da citada lei:

Art. 126: 1. As prescricións técnicas a que se refiren os artigos 123 e 124 proporcionarán aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non terán por efecto a creación de obstáculos inxustificados á apertura da contratación pública á competencia.

2. As prescricións técnicas poderán referirse ao proceso ou método específico de produción ou prestación das obras, os subministros ou os servizos requiridos, ou a un proceso específico doutra fase do seu ciclo de vida, segundo a definición establecida no artigo 148, ata cando devanditos factores non formen parte da sustancia material das obras, subministros ou servizos, sempre que estean vinculados ao obxecto do contrato e garden proporción co valor e os obxectivos de este.

5. Sen prexuízo das instrucións e regulamentos técnicos nacionais que sexan obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito da Unión Europea, as prescricións técnicas formularanse dunha dos seguintes xeitos:

a) En termos de rendemento ou de esixencias funcionais, incluídas as características medioambientais, sempre que os parámetros sexan o suficientemente precisos para permitir aos licitadores determinar o obxecto do contrato e ao órgano de contratación adjudicar o mesmo;

b) Facendo referencia, de acordo coa seguinte orde de prelación, a especificacións técnicas contidas en normas nacionais que incorporen normas europeas, a avaliacións técnicas europeas, a especificacións técnicas comúns, a normas internacionais, a outros sistemas de referencias técnicas elaborados polos organismos europeos de normalización ou, en defecto de todos os anteriores, a normas nacionais, a documentos de idoneidade técnica nacionais ou a especificacións técnicas nacionais en materia de proxecto cálculo e execución de obras e de uso de subministros; acompañando cada referencia da mención «ou equivalente»;





c) *En términos de rendimento ou de esixencias funcionais segundo o mencionado na letra a), facendo referencia, como medio de presunción de conformidade con estes requisitos de rendimento ou esixencias funcionais, ás especificacións contempladas na letra b);*

d) *Facendo referencia a especificacións técnicas mencionadas na letra b) para determinadas características, e mediante referencia ao rendimento ou esixencias funcionais mencionados na letra a) para outras características.*

6. *Salvo que o xustifique o obxecto do contrato, as prescricións técnicas non farán referencia a unha fabricación ou unha procedencia determinada, ou a un procedemento concreta que caracterice aos produtos ou servizos ofrecidos por un empresario determinado, ou a marcas, patentes ou tipos, ou a unha orixe ou a unha produción determinados, coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas ou certos produtos. Tal referencia autorizarase, con carácter excepcional, no caso en que non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato en aplicación do apartado 5, nese caso irá acompañada da mención «ou equivalente».*

Art. 132: 1. Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade.

2. A contratación non será concibida coa intención de eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que corresponda, nin de restrinxir artificialmente a competencia, ben favorecendo ou prexudicando indebidamente a determinados empresarios.

3. Os órganos de contratación velarán en todo o procedemento de adxudicación por salvagárdala da libre competencia.

Art. 145: 4. Os órganos de contratación velarán por que se establezan criterios de adxudicación que permitan obter obras, subministros e servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás súas necesidades.

5. Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, debendo cumprir os seguintes requisitos:

a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato

b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores con el fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira





efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas por los licitadores.”

Artigo 146.2º “ Cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, no seu determinación, a condición de que sexa posible, darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, (...) En todo caso, a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios nos que non conorra esta circunstancia deixándose constancia documental de elo”

Fixado o escenario normativo pásase a analizar o recurso examinando separadamente a adecuación ao ordenamento xurídico dos motivos controvertidos do PCAP.

1. Canto á impugnación da cláusula 9.3 do PCAP. Período de garantía de 1 ano.

Dispón literalmente a citada cláusula 9.3 do PCAP:

“3.Ampliación el plazo de garantía: hasta 10 puntos

Se otorgarán 2 puntos por cada año de incremento del plazo de garantía que se oferte respecto del plazo mínimo exigido (1 año) hasta un máximo de 5 años adicionales y sin considerar fracciones. (...)”

A entender da recorrente o contido da citada cláusula sería contraria aos requisitos técnicos para luminarias con tecnoloxía LED de alumado exterior elaborado polo Instituto para a Diversificación e Aforro Enerxético (IDAE) e o Comité Español de Iluminación (CEI) na súa versión vixente de maio de 2016. En concreto no referido na sección novena relativa ao establecemento de garantías mínimas. A recorrente considera que tales requisitos técnicos resultarían aplicables neste proceso na medida en que o proxecto licitado vencéllase a unha subvención concedida polo IDAE ao abeiro do previsto no Real Decreto 616/2017, que regula as bases das concesións de estas axudas económicas directas a aqueles proxectos singulares levados a cabo por Entes Locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, todo no marco do programa FEDER de crecemento sostible 2014/2020. Tal e como así deducírase da lectura da cláusula terceira do PCAP, relativa ao financiamento do contrato.

Neste escenario a primeira cuestión a dilucidar é determina-la aplicabilidade dos citados condicionantes técnicos do IDAE-CEI como integradores, ou non, das condicións a cumprir na licitación. Tal como se sostén no recurso na cláusula terceira do PCAP exprésase con claridade que a contratación sustentaría nunha previa resolución favorable do IDAE conforme ao previsto no RD 616/2017, resultando que a citada normativa contén un Anexo I no que se describen as medidas ou actuacións susceptibles





de resultar subvencionadas por fondos públicos. Entre elas, recóllese como Medida num.6 a correspondente á “*Renovación das instalacións de alumado, iluminación e sinalización exterior*”, constituíndo o seu obxecto reformar “*as instalacións municipais de alumado, iluminación e sinalización exterior existentes co fin de reducir o seu consumo de enerxía final e as emisións de CO2 mediante a mellora da súa eficiencia enerxética*”. O apartado 4º da citada medida contempla unha serie de requisitos técnicos entre os cales atópase, no que se refire á reforma de instalacións de alumado exterior con tecnoloxía LED, a esixencia de ter en consideración o establecido no documento nomeado “*Requisitos técnicos esixibles para luminarias con tecnoloxía LED de alumado exterior*” elaborado polo IDAE e o CEI e publicado na web do IADE. Sentado o anterior, os criterios de adxudicación da licitación haberán de acomodarse aos citados requisitos técnicos publicados polo IADE-CEI, non resultando posible a fixación de previsións técnicas ou condicións contraditorias con aquelas esixencias. Ao respecto obra publicada na web do IDAE (<https://www.ceisp.com/el-cei/biblioteca/idae/>) os requirimentos técnicos actualmente esixibles para luminarias LED

de alumado exterior contidos no citado documento técnico na súa edición revisada a 10 de outubro de 2019, documento ao que haberá de atenderse para resolver as cuestións plantexadas pola mercantil recorrente.

Sobre a base do indicado, o apartado 9º dos requisitos técnicos IDAE-CEI establece un período de garantía mínima de 5 anos para todo o conxunto da instalación a renovar, o que inclúe a luminaria propiamente dita, o módulo LED, *driver*, e outros compoñentes asociados (sensores, nodos...). Se ben a norma autoriza avaliar previamente as condicións concretas en caso de instalacións que superen un uso previsto de 4.200 horas anuais para poderen modificar a garantía, non se atopa na documentación técnica unha análise previa de condicións concretas, horas anuais, condicións ambientais ao obxecto de modifica-lo período de garantía. Así as cousas a previsión disposta no apartado 9.3º do PCAP non resulta congruente coa normativa expresada no que refírese ao establecemento dun prazo mínimo de garantía de un único ano (parágrafo primeiro), cando o mínimo esixido nos requisitos IDAE-CEI é de cinco anos, considerándose como mellora o que resulta un requisito ou condición obrigatoria. Procede, polo tanto, estimar o motivo, debendo procederse á corrección do prego, cunha nova redacción da cláusula que se acomode aos requisitos IDAE-CEI.

2.- En relación á impugnación da Clausula 9.3. Introducción indirecta de criterios de arraigo territorial.

En segundo lugar a recorrente discute a introdución nos PCAP a esixencia da redacción dunha memoria xustificativa da viabilidade da instalación para a cal considérase esencial a previa realización de visita a zona obxecto de actuación, conforme ás esixencias da cláusula 9.3 en concordancia coa cláusula 8.2 do prego. En concreto dispón a cláusula 9.3 do PCAP o seguinte:

“Se presentara una memoria técnica que justifique la viabilidad de la solución propuesta, que como mínimo contendrá la siguiente información:





- *Plan de execución*
- *Plan ambiental*
- *Luminarias propostas y estudio luminotecnico.*
- *Análisis energético y económico*

Se valorara la calidad, la concrecion de la memoria y la adaptacion a la obra objeto de licitacion en el presente pliego, considerandose esencial una visita previa a las instalaciones con objeto de realizar un estudio lumínico correcto, de manera que la puntuación a otorgar sera de la siguiente manera:

- *Calidad de la memoria incluyendo visita previa a las instalaciones: Hasta 5 puntos*
- *Plan de execución: Hasta 5 puntos*
- *Plan ambiental: Hasta 5 puntos*
- *Luminarias propostas y estudio luminotecnico: Hasta 5 puntos*
- *Análisis energético y económico: Hasta 5 puntos (...)*

A xuízo da recorrente a esixencia de realización de visita previa á zona para a elaboración dunha memoria previa suporía un criterio contrario aos principios de igualdade de trato, non discriminación e libre competencia, conlevando unha vantaxe de partida para os licitadores máis próximos xeográficamente á zona.

Conforme precisa o artigo 132.1º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación aos principios de transparencia e proporcionalidade. Nesta liña é reiterada a doutrina dos Tribunais administrativos de recursos contractuais que entenden como incorrecta a inclusión nos pregos de contratación de calquera cláusula que beneficie un determinado arraigo territorial. Así, e entre outras cómpre citar as Resolucións 187/2013, 76/2016, ou 262/2018, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. A propia Comisión Nacional da Competencia na súa Guía sobre contratación pública determina como prohibida toda referencia a cláusulas das que puidesen derivarse diferencias de trato en función do domicilio ou territorio do adxudicatario como por exemplo “*a preferencia por experiencias vencelladas a un ámbito xeográfico, ou a esixencia de ubicación de instalacións*”. Xa a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado expresada no seu informe 9/2009 que calquera indicio de arraigo territorial dunha empresa non podería ser considerado como criterio de valoración ou condición de aptitude para contratar.

Sobre este marco basta atender ao exposto polo Tribunal Administrativo de Contratación de Galicia na Resolución que cita a recorrente (Res.88/2019) para deducir a inadecuación a aqueles principios da cláusula controvertida no que atañe a esixencia da realización dunha visita previa a zona de actuación para a elaboración dunha memoria. Expresa a Resolución o seguinte canto a introdución dunha esixencia practicamente idéntica no proceso analizado polo Tribunal. Dada a súa claridade entendemos xustificada a súa reprodución :





“ (...) O primeiro que debemos sinalar ao respecto é que se analizamos os criterios de adxudicación recollidos na cláusula 9 do PCAP nada se cita ao respecto da valoración desa visita de comprobación. Isto xa determina que debamos estimar este motivo de recurso, posto que a redacción dos pregos introducen un marxe de indeterminación que vulnera o principio de transparencia.

Como sinala a a Sentenza TXUE de 16.9.2013 este fundamental principio: “Implica que todas las condiciones y modalidades del procedimiento de licitación estén formuladas de forma clara, precisa e inequívoca en el anuncio de licitación o en el pliego de condiciones, con el fin de que, por una parte, todos los licitadores razonablemente informados y normalmente diligentes puedan comprender su alcance exacto e interpretarlos de la misma forma y, por otra parte, la entidad adjudicadora pueda comprobar que efectivamente las ofertas presentadas por los licitadores responden a los criterios aplicables al contrato de que se trata (sentencia Comisión/CAS Succhi di Frutta, citada en el apartado 66 supra, apartado 111).” E, no mesmo sentido, a Sentenza do TXUE de 17.09.2002 (asunto C-513/99) sinala que non é admisible un criterio de adxudicación que implique para o órgano de contratación unha liberdade incondicional de elección para a adxudicación dun contrato, e que eses criterios deben mencionarse expresamente no prego de condicións ou no anuncio de licitación para que os contratistas poidan coñecer a súa existencia e alcance.

En consecuencia, a mención expresa nos pregos da licitación a que esa visita poida ser obxecto de valoración sen que a mesma apareza reflectida entre os criterios de adxudicación, vulnera os principios de transparencia e igualdade entre os licitadores.

Ademais, en canto á posibilidade de valoración desa visita, a mesma tampouco resulta admisible. Por un lado, o mero feito de realizar esa visita non determina de por si unha mellor proposición e execución contractual, ademais de que establece un requisito que indubidablemente beneficia ás empresas máis próximas ao Concello licitador. (...)”

Como no suposto analizado polo TAC Galicia a realización de previa visita ás instalacións carece dunha xustificación razoable, por canto, como ben se expresa na Resolución do Tribunal Autonómico, os licitadores deben coñecer previamente a realizar a súa oferta as prestacións obxecto de servizo que haberán de estar plasmadas no propio proxecto, descoñecéndose por que razón constituiría unha circunstancia esencial dita visita sobre o terreo. Neste punto xa exprésase, no proxecto técnico que deu lugar a esta licitación que as solucións técnicas teríanse adoptado “en base a las exigencias lumínicas de cada zona iluminada, en función del tipo vía, de la intensidad del tráfico y de las necesidades de las personas” (pag.14), polo que descoñécese que engadiría á visita as instalacións sobre o xa comprobado polo técnico proxectista. E efectivamente, semella que estaría tamén a introducir, de xeito indirecto ou solapado, un factor de arraigo territorial que beneficiaría ás licitadoras máis próximas á zona obxecto de actuación. Doutra banda tampouco se especifica nos PCAP como habería de



realizarse e valorarse a devandita visita á zona, nin a forma de certificarse a súa realización.

O informe técnico emitido polo enxeñeiro técnico D. David Pujales Lorenzo ao respecto desta cuestión redunda esencialmente nas apreciacións que vimos de realizar sobre a base das resolucións indicadas. Así destaca o técnico o seguinte:

“ (...)Según lo señalado en el Punto 5. Justificación documental de la actuación a realizar (ex ante), del apartado Medida 6, del Anexo I del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020. Como documentación Ex ante para la solicitud de subvención, el Concello debe de disponer de una auditoría energética que cumpla con los requisitos CIE-IDAE. Esta auditoría debe de tener el suficiente nivel de definición de las instalaciones que permita la redacción posterior de proyecto o memoria de actuación sobre las instalaciones auditadas.

Además, el proyecto que recoja los trabajos a ejecutar debe tener el suficiente nivel de detalle para ser considerado de ejecución, tal y como que recogen los colegios profesionales del ramo. También, echa en falta este técnico, una definición de la visita técnica en todo su sentido más amplio. Dado que no se pide ni duración mínima, ni lugares mínimos a visitar, ni se solicita acreditación documental alguna de tener realizada la visita. Este hecho puede suponer que los licitadores opten a la puntuación de esta cláusula do PCAP, sin tener realizada la visita. (...)”

E dicir, dunha banda ratifícase na necesidade de que o proxecto se dote dun contido suficiente para permitir a execución posterior do mesmo, a provir dunha previa auditoría realizada co suficiente grao de detalle e nivel. Doutra banda, remarca a deficiente definición das bases canto á forma de realizar e avaliar a citada visita e, xa que logo, a dificultade do control sobre a súa efectiva execución.

Todo o cal debe conducir estimar tamén o citado motivo, debendo procederse a unha nova redacción na que se elimine a cláusula antedita.

3.- Canto á impugnación da cláusula 9.5 do PCAP. Valoración de criterios mediante fórmula.

Neste apartado se discute a introdución no PCAP da necesidade de valorar características técnicas das luminarias tales como a previsión de instalación de interrupción de desconexión de seguridade, ou dunha válvula compensatoria de presión interna. A entender da recorrente a introdución das citadas característica técnicas tan concretas conduciría a un modelo determinado de luminaria, de forma que constituiría unha vantaxe para aquelas licitadoras que traballasen co citado modelo, vulnerando a Lei 9/2017, por infrinxir os principios de liberdade de acceso, igualdade de trato e non discriminación. Neste sentido, e de conformidade co previsto no artigo 132 da LCAP





cómpre ter en consideración que a contratación administrativa non pode ser concibida

coa intención de restrinxir artificialmente a competencia e que, de conformidade co previsto no artigo 126 da LCAP as prescricións técnicas non poderán facer referencia a unha fabricación ou procedencia determinada, ou a marcas, patentes ou tipos, ou orixe o produción determinados, coa finalidade de favorecer ou descartar certas empresas.

Neste sentido, indica o informe técnico elaborado polo enxeñeiro Sr. Pujales o seguinte:

“(...)Alegación fundamentada en que los criterios de valoración que figuran en la cláusula 9.5 del PCAP pueden restringir la concurrencia de ofertantes, dado que se trata de características concretas. La redacción literal de esta cláusula dice:

Se valorarán las siguientes características técnicas de las luminarias:

- a) Interruptor de desconexión de seguridad en la apertura: 10 puntos*
- b) Válvula compensadora de presión interna: 10 puntos*

Sobre el criterio de puntuación a)

La inclusión de un elemento de este tipo dentro de la valoración de las ofertas recibidas por el Concello, puede suponer una ventaja después de que cese el período de garantía del adjudicatario, cuando otra empresa se encargue del mantenimiento. Visto que actualmente en el mercado no existen muchos fabricantes que incorporen ese sistema, se puede entender que restringe en cierto modo la concurrencia de propuestas.

*Visto que, por una banda es una característica que aporta mayor seguridad eléctrica a largo plazo, pero que no existen más de dos marcas que lo incorporen, y que esta característica no figura señalada en el documento de exigencias del IDAE, **este técnico se pronuncia de modo neutro**, sobre la admisión de este apartado de la alegación cuarta. (...)*

Sentado o anterior, non se pode entender que a inclusión dun interruptor de desconexión nas luminarias esixidas conduzan irremediable e necesariamente a un único modelo ou fabricante se ben, e como se expresa no propio informe, unicamente consta que dito produto foxe servido por dous empresas fabricantes. Malia o anterior indícase que a súa instalación sí podería supor unha vantaxe para unha mellor prestación do servizo de mantemento tra-lo período de garantía, polo que a inclusión da citada cláusula dificilmente pode verse realizada coa finalidade de favorecer ou descartar a outras empresas, senón, propiamente valorar un factor positivo para a mellor prestación do servizo. A maiores, e examinado o proxecto técnico no que se conteñen as prescricións técnicas, xustifícase no mesmo a previsión de instalación de interruptores de corte ou desconexión por seguridade, polo que semella avalada a súa necesidade. Coincidindo co técnico non se aprecia que a citada introdución desta cláusula vulnere a normativa indicada.





Prosigue o informe técnico expresando o seguinte:

“Sobre o criterio de puntuación b)

Este dispositivo se encarga de regular la presión de los compartimentos ópticos y/o eléctricos, que se produce en el interior de éstos, al incrementarse la presión debido al aumento de la temperatura, ante el funcionamiento normal de las luminarias.

Este aumento de presión, en algún caso puede ser perjudicial para la integridade la estructura de la luminaria, como sucede en aquellos equipos construídos en materiales plásticos. En otros casos los fabricantes usan esta presión diferencial para asegurar el grado de estanquidad.

Analizando las primeras marcas de luminarias que cumplen con lo dispuesto en el documento de exigencias del IDAE, observamos que solo una incorpora este sistema, y coincide que es la única marca que recurre a material plástico para la fabricación de los chasis y carcasas de las luminarias.

*Entiendo que, a incorporación de este elemento dentro de una luminaria, no ofrece ventaja alguna para el receptor de la obra, si no que se trata de una necesidad constructiva del fabricante de la misma. Visto que solo se pudo acreditar la incorporación de este sistema por parte de una marca de reconocido prestigio, que esta característica no figura señalada en el documento de exigencias del IDAE, este técnico entiende que no se debería de puntuar, dado que limita la oferta que el Concello pueda recibir, sin ofrecer una ventaja competitiva, por tanto, **recomiendo aceptar el punto b) de la alegación cuarta.**”*

Sobre a base do informado procede estimar a alegación realizada. A maiores do referido no informe a realidade é que non se atopa no proxecto e PPT previsión canto a instalación de válvula compensadora, polo que enténdese xustificada a eliminación da valoración da citada característica técnica relativa á instalación de válvula compensadora de presión interna.

4.- Canto á impugnación da cláusula 9.6 do PCAP. Valoración de criterios mediante xuízo de valor

En última instancia a recorrente considera que os PCAP vulnerarían o previsto no artigo 146.2º da LCAP por canto a aplicación das súas determinacións conlevaría a avaliación de determinados criterios cuantificables mediante fórmula con carácter previo a avaliación dos criterios sometidos a xuízo de valor. O citado artigo 146.2º da LACP dispón literalmente o seguinte:

“ En todo caso, a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios nos que non conorra esta circunstancia deixándose constancia documental de elo”





A recorrente considera que o contido da memoria explicativa que xustifique a viabilidade da instalación a incluír na documentación dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor (cláusula oitava) inclúe aspectos técnicos sometidos a criterios cuantificables mediante fórmula. Arguméntase que, na medida en que en dita memoria explicativa habería de expresar, como contido mínimo, as luminarias propostas e estudo luminotécnico, tal feito suporía trasladar ao momento de avaliación dos criterios sometidos a xuízos de valor o coñecemento de aspectos a avaliar posteriormente conforme aos criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas. Polo que o tribunal podería anticipar, ou alomenos, coñecer o resultado previsible da valoración dos criterios mediante fórmula de xeito anticipado.

O razoamento semella acertado. A esixencia de introducir na memoria explicativa a presentar na documentación do sobre “A” a definición das características das luminarias e estudo luminotécnico permite trasladar ao tribunal avaliador os datos técnicos necesarios para poder anticipar a valoración de factores a considerar mediante a aplicación de meras fórmulas, que haberían de integrar a documentación do sobre “B”. En concreto, no relativo aos aspectos relativos as características do interruptor de desconexión de seguridade e válvula compensadora de presión interna.

Así as cousas, a consecuencia non pode ser senón a precisada no recurso ao abeiro do determinado pola doutrina dos tribunais de contratación. E dicir, a estimación do motivo a fin de non comprometer o principio de confidencialidade das ofertas dos licitadores e a súa conexión cos principios de igualdade e seguridade xurídica, disipando a posibilidade de arbitrariedade na valoración daquelas.

Polo tanto, esta Alcaldía, en virtude das facultades previstas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVE

I) ESTIMAR parcialmente o recurso potestativo de reposición interposto pola entidade SETGA SLU fronte ao Decreto de Alcaldía de 18 de outubro de 2019 que resolve aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do proceso de contratación en curso, declarando a nulidade das cláusulas 9.3, 9.5 e 9.6 nos aspectos indicados no corpo desta resolución, coa conseguinte retroacción do procedemento de cara a aprobación dunha nova redacción das cláusulas anuladas do Prego.

II) COMUNICAR aos interesados o contido da presente resolución, facéndolles saber que fronte a mesma unicamente poderán interpor recurso contencioso-administrativo a presentar fronte ao Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar dende a data da súa notificación, e sen prexuízo doutros medios de impugnación dos que os interesados poidan valerse.





Concello
As Neves

O mandou e asina o Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, ante min, a Secretaria-Interventora, dona María Jesús Rodríguez Freire, nas Neves, na data sinalada no marxe deste documento, asinado electronicamente.

